

Josu Iraeta

A angueira

Era noite pechada, e aló, onde o Atlántico absorbe ao fermoso Miño, o Nordés de inverno cortou a auga da mareira. Ao lonxe, na punta do porto, podíanse apreciar unhas sombras escuras que danzaban baixo o lume da farola única. Facían un curto percorrido, arrastrando a longa cana, cun feitío de culler que mergullábase na auga. Era unha peneira e estaban a pescar anguías.

Ambos os dous vestían igual, de uniforme. Un chaquetón azul, cunhas lapelas cubrendo as orellas. Eran mariñeiros, en servizo militar obrigatorio provisional, nunha patrulleira. E acolá, unha lume vermella entre néboa.

Un deles era graúdo e baixiño, e aínda que nacera en Bueu, toda a xente o chamaba Farturas, pola súa natural disposición de engulir todo o posíbel. O outro, era alto e fraco. Vido de terras vascas e polos problemas para pronunciar o seu apelido, chamábase Txo.

Había frío esa noite, moito frío. Era tal o frío que o graúdo Farturas deixou a súa peneira no muelle e comezou a mover os brazos como aspas tentando xerar calor. O outro mariñeiro, animouno a seguir na pesca:

- Dálle Farturas dálle, que aínda quedan dúas horas e temos que volver ao bordo para as seis.

Daquela Farturas xa estaba anoxado por non poder fumar, posto de telo feito poderíanse morrer polo fume as anguías pescadas. E o prezo das anguías baixaría no mercado:

- Txo, hoxe non lle imos a vender a angula o?s vascos, iremos onde a Cachelos.

Txo contestou de seguida:

- Iso fica lonxe, se ficamos acá e vendemos aos vascos, poderemos pescar por máis tempo.

Farturas non estaba para chanzas. Despexou toda dúbida, ao afirmar moi anoxado:

- Cala boca rapaz, hoxe teño que ollar arriba abaixo á Cachelos antes de durmir.

Seguiron a pesca e unha hora máis tarde, preto das cinco da madrugada, encamiñáronse ao viveiro da señora Cachelos, cadaquén co seu caldeiro cheo de babexantes anguías.

O graúdo Farturas ía por diante, cunha linterna. Mais esa linterna non daba lume abondo, polo que Txo tiña dificultades para non se tropezar, e para gardar da súa prezada pesca.

Estaban ledos. Tras cribar as anguías e eliminar a anguía de tripa amarela, poderían ter uns cinco ou seis kilos, e si, eran cartos.

Pagaban o kilo a cen pesetas, daquela.

Os mariñeiros camiñaban pola lameira ribeira do Miño, para non ser vistos. Ao ser zona militar, prohibíase pescar.

De súpeto todo cambiou. Apareceu no mar unha falua de vixilancia, cos seus compañeiros na tripulación, e cunha lume intensa e movediza. Apagaron a vella linterna e tivéronse que botar na desagradable beira do río.

Farturas, tombado e cuberto de lama preta de pés á cabeza, mais prendendo con forza o seu balde, lanzou os seus típicos xuramentos, cun remate non menos coñecido:

- A nai co botou, quén será o cabrón.

Tralo susto, seguiron polo seu camiño até se aproximar a un grupo pequeno de casiñas, e foi Farturas quen petou con forza a porta dunha delas. Ao pouco tempo, unha voz contestou:

- Está aberta.

A pouca lume procedente do interior non deixaba ver moita cousa. Mais si como para apreciar a beleza da muller que emerxeu das tebras, era fermosa, de longo cabelo. Ao se aproximar, puidéronse decatarse de que era unha muller moi atractiva, de sorriso intelixente, que mostraba con naturalidade o seu profundo e amplo escote.

A muller decatouse axiña do lamentábel estado dos mariñeiros, e levounos ao presebe, para se limpar e se por presentábeis.

A muller entrou na casa levando os baldes para pesar as anguías, e nese mesmo intre, Farturas aproveitou para lle susurrar ao seu amigo, mentras tiña cravados os seus ollos na silueta desexada:

- Non ten bragas Txo, non ten bragas.

Foron cinco os kilos pescados, que cobrarían na súa seguinte visita, por ser este o método empregado. Estaban tolos de ledicia, –tendo en conta que eran tempos nos que o dictador Franco aínda presentaba un saúdabel aspecto– a cantidade a cobrar era estimábel.

De volta ao barco, exaltaron de seguido o visto e non visto, até que xa na litera e faltando menos dunha hora para a diana, Farturas seguía abraiado, tan abraiado que dicía:

- Txo, a Cachelos e unha muller ¡eh¡, é unha muller que me deixou omástro quente e duro como o ferro. ¡A virxe¡, vou reventar.

Txo anoxado, por non poder durmir, e amais, tiña medo de espertar aos compañeiros que durmían nas outras literas, non lle facía caso, pero Farturas non calaba:

- Txo, sabes ti que é o mellor que ten a pesca da angula, non o sabes, pois é o marisco da Cachelos, ja... ja... ja.....

As chanzas e risadas de Farturas rematáronse cun pitido nítido.

Lembrou, era hora de comezar cos quefaceres diarios.

Aínda que non todo era sufrir e traballar, esta vez pasou algo abraiante.

Cómo esquecer a silueta da angueira...

Traducido do vasco por Iratxe Retolaza.

Txitxardinetan

Gau beltza zen, eta Atlantikoak ibai zoragarria den Miño ederra irentsi nahian dabilen paraje hartan, neguko haize zorrotzak moztu egiten zuen itsas zakartuaren ura. Urrunean, kaiaren puntan, itzal ilun dantzariak ikus zitezkeen farol bakarraren argipean. Ibilbide laburra egiten zuten, kainabera luzea herrestatuaz, muturrean goilare itxurakoa uretan zartzen. Peneira zen eta txitxardinaren arrantzan ari ziren.

Biak zihoazen berdin janzita, uniformeaz alegia. Txaketoí urdin iluna, idunak belarriak babesten zizkielarik. Marinelak ziren, derrigorrezko militar probisional gazteak, patruilera batean. Eta hau, argi gorri ahul bat besterik ez gau hartako lanbro artean.

Lodia eta txikia bat. Bueun jaioa izanarren ere denek Farturas deitzen zioten, ahal zuen guztia jateko berezko joera zuelako. Garaia eta argala bestea. Euskal lurraldeetatik etorritakoa izaki, abizena ahozkatzeko arazoak medio Txo goitzenaz deitzen zioten.

Hotza egiten zuen gau hartan, hotz handia. Hainbestera arte ezen Farturasek bere peneira zoluan utzi eta besoak eiheraren hegala gisa astintzeari ekiten zion behin eta berriz berotu nahian. Beste marinela arrantzan jarraitzeko erreguka ari zitzaion.

- Eutsi gogor Farturas, bi ordu geratzen zaizkiguk-eta, seireta-rako untzian egon behar diagu.

Farturas ordurako haserre zebilen zigarrorik erre ezin zuelako. Egin izanez gero, arratzatutako txitxardinak keaz hiltzeko arrisku handia zegoen. Eta txitxardin hilen prezioa erdira jeitsiko zen merkatuan.

Hala ere Faturasek bere nahia agertu zion:

- Txo, hoxe non lle imos a vender a angula o?s vascos, iremos on-de a Cachelos.

Txok berehala erantzun zion: - Hori urrun geratzen duk. Bertan geratu eta euskaldunei salduz gero, beranduagora arte arrantzatzeko aukera izango geniake.

Farturas ez zegoen txantxetarako. Zalantza guztiak moztu zituen haserre:

- Gala boca rapaz, hoxe teño que ollar darriba abaixo á Cachelos antes de durmir.

Arrantzan jarraitu zuten eta ordu bete geroago, goizaldeko bostak gertu, Cachelos andereak zeukan haztegia abiatu ziren, txitxardin lingirdatsuz beteriko baldea bakoitzak eskuan.

Farturas lodia ziohan aitzindari, linterna hartuta. Argi ahul bezain urduri hark atzetik zihoan Txori ez zion asko laguntzen bideko kroskak aurkitzen, eta han zihoan gizagaixoa, zentzumen osoa ibilian jarriaz, estropezu eginez zama preziatua galtzeko beldur.

Pozik zihoazen. Txitxardina bahetu eta aingira sabeloria baztertu ondoren bospasei kilotara iritsi zitezkeen, eta dirua zen. Ehun pezeta ordaintzen zuten kiloak, ordukoak.

Marinelak Miñoren bazter lokaztutik abiatu ziren, inork ikus ez zitzaizkien. Gune militarra izaki, debekatuta zegoen han arrantzan jardutea.

Eta halako batean dena aldatu zen. Zainketako falua bat azaldu zen ur gainean, euren kideak tripulazioan, foko indartsu baten argi zalataria batera eta bestera... Linterna kaxkarra itzali eta ahozpe ezkutatu behar izan zuten, gorputzak errekarazter nazkagarrian etzanda.

Burutik oinetarainoko lohi beltz blai zegoen Farturas, baina ez zuen askatzen indartsu helduta zeukan baldea. Ohiko birao andana jaurti zuen, eta, amaitzeko, betikoa:

- A nai co botou, quién será o cabrón.

Ikara gaindituta, aurrera egin zuten etxe multzotxo batera iritsi arte. Farturas izan zen haietako baten aldaba jo zuena. Erantzuna laster iritsi zen:

- Está aberta.

Barrutik zetorren argiak ez zuen asko erakusten. Baina bai nahikoa asmatzeko itzaletik zetorren emakumea liraina zela, ile luzeduna. Gerturatu ahala, dama erakargarria aurkitu zuten, bizkorraren irribarreduna, eskote zabala naturaltasun osoz zeramana.

Laster ohartu zen marinelen egoera errukariaz eta hala agindua emanez bere atzetik eraman zituen haziendarako aska bateraino, ahal zutena garbituta, itxuroso jar zitezkeen.

Artean, emakumea etxean sartu zen, eskuetan baldeak hartuta, txitxardinak pisatzeko. Une hura aprobetxatu zuen Faturasek, oraindik begietako ninian zuelarik haren ziluetara desiragarria, lagunaren belarrira xuxurlatzeko:

- Non ten bragas Txo, non ten bragas.

Bost izan ziren bildutako kiloak. Hurrengoan ordainduko zizkieten. Hala egin ohi zen.

Benetan pozik zeuden. Franco diktadorea oraindik osasuntsu zegoen garai hartarako, jaso beharreko xoxak asko ziren.

Untzirako itzulera alaitsua izan zen, aztoramenduz betea. Behin literan etzanda, eta dianak jotzeko ordu bat falta zela, Farturasek oraindik sorginduta zirudien. Hala zioen:

- Txo, a Cachelos é unha muller ¡eh!, é unha muller que me dei-xou o mastro quente e duro como o ferro. ¡ A virxe ¡ vou reventar.

Txo, haserre. Horrela ez zegoen lorik egiterik. Edo, are okerrago, lo zeudenak, iratzartzeko arrisku bizia zegoen. Baina Farturas ez zen ixiltzen:

- Txo, sabes ti que é o mellor que ten a pesca da angula, non o sabes, pois é o marisco da Cachelos, ja... ja... ja...

Untziaren bizkarrean jotako txistu otz eta sarkorrak amaitu zuen Farturasen algarekin. Eguneroko zeregin amaigaberari hasera emateko seinalea zen.

Txarrean ere, ohiko lan eta nekearen gainetik, oraingoan bederen zerbait pizgarria ere gartatua zen. Nola ahaztu txitxardinketarien zilueta liraina... .. !